

**PROCESO DE SELECCIÓN AXENTE DE APARCADOIRO TUSSA**  
**PROBA TIPO TEST DE CARÁCTER ELIMINATORIO (16/10/17)**

1. En que Pazo atoparemos un Atlas levando o mundo ás súas costas?
  - a. Raxoi
  - b. Bendaña
  - c. Santa Cruz
  - d. Lestedo
2. Cal é o nome da igrexa coñecida popularmente como a “das catro Sotas”?
  - a. Santa María do Camiño
  - b. Santa Susana
  - c. San Frutuoso
  - d. San Domingos de Bonaval
3. Onde se expide a “Compostela”?
  - a. Na Casa da Parra
  - b. Na Casa do Deán
  - c. Na Casa do Cabido
  - d. Centro Internacional de Acolida ao Peregrino
4. Como se chama a/o conselleira/o de Infraestruturas e vivenda da Xunta de Galicia?
  - a. Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle
  - b. Beatriz Mato Otero
  - c. Francisco Conde López
  - d. Alfonso Rueda Valenzuela
5. Destas liñas de autobuses, ¿cal vai á Cidade da Cultura?:
  - a. Número P3
  - b. Número 9
  - c. Número 2
  - d. Número C2
6. TUSSA é un organismo dependente de:
  - a. A Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela
  - b. O Goberno Central e o Concello de Santiago de Compostela
  - c. A Xunta de Galicia, o Goberno Central e o Concello de Santiago de Compostela
  - d. O Concello de Santiago de Compostela
7. Que censo de poboación presenta actualmente a cidade de Santiago?
  - a. Arredor de 100.000 habitantes
  - b. Arredor de 150.000 habitantes
  - c. Arredor de 250.000 habitantes
  - d. Arredor de 200.000 habitantes

8. As oficinas municipais da concellería de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago atópanse en:
- Pazo de Raxoi
  - Rúa Galeras
  - Rúa de Miguel Ferro Caaveiro
  - Avda. Alcalde Raimundo López Pol
9. Nun aparcadoiro con 580 prazas, que está ao 65% de ocupación, cantas prazas hai libres?
- 203
  - 205
  - 375
  - 377
10. Nun aparcadoiro con 1.500 prazas, que está ao 25% de ocupación, cantas prazas hai ocupadas?
- 375
  - 350
  - 1.150
  - 1.125
11. Un aparcadoiro de 645 prazas ten ocupadas 516. Que porcentaxe de prazas quedan libres?
- 20%
  - 30%
  - 80%
  - 70%
12. Un aparcadoiro de 1.450 prazas ten ocupadas 957. Que porcentaxe de prazas están ocupadas?
- 66%
  - 68%
  - 70%
  - 75%
13. Unha empresa dispón dun aparcadoiro de 1.500 prazas e decide que un 24% das prazas totais se destinen a aboados. Cantas prazas quedarían dispoñibles para rotación?
- 360 prazas
  - 365 prazas
  - 1.150 prazas
  - 1.140 prazas

14. Unha empresa dispón dun aparcadoiro de 1.350 prazas e decide que un 18% das prazas totais se destinen a aboados. Quantas prazas estarían dispoñibles para os aboados?
- 244 prazas
  - 243 prazas
  - 241 prazas
  - 250 prazas
15. Nun aparcadoiro estacionaron 285 vehículos nun día, e a recadación foi de 497,65 €. Cal foi a recadación media por vehículo redondeando a 2 decimais?
- 1,70 €
  - 1,80 €
  - 1,76 €
  - 1,75 €
16. O importe dun ticket é de 6,05 € (IVE incluído), canto é o importe sen IVE, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?
- 4,78
  - 5,00
  - 4,75
  - 5,25
17. O importe dun ticket é de 18,15 € (IVE incluído), canto é o importe sen IVE, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?
- 14,35
  - 14,34
  - 15,05
  - 15,00
18. Considérase falta moi grave, segundo o convenio colectivo do sector:
- Calquera alteración ou falsificación de datos persoais ou laborais relativos ao propio traballador ou aos seus compañeiros
  - A desobediencia continuada ou persistente
  - Introducir ou facilitar o acceso ao centro de traballo a persoas non autorizadas
  - Utilizar os vehículos dos clientes para durmir, escoitar a radio, etc.
19. Segundo establece o convenio colectivo do sector, os traballadores percibirán:
- Dúas pagas extraordinarias en xullo e nadal
  - Tres pagas extraordinarias en xullo, nadal e marzo
  - Tres pagas extraordinarias en xuño, nadal e marzo
  - Dúas pagas extraordinarias en xuño e nadal

20. Os días de vacacións, segundo o convenio colectivo do sector, serán:
- 30 días naturais
  - 32 días naturais
  - 31 días naturais
  - 23 días hábiles
21. Segundo establece o convenio colectivo do sector, non é un complemento salarial:
- Quebranto de moeda
  - Complemento de quenda
  - Complemento de presenza
  - Complemento de transporte
22. Cal destas categorías non existe no convenio colectivo do sector?
- Encargado/a de billeteira
  - Delegado/a
  - Aspirante administrativo
  - Operario de autolavado
23. En caso de cambio de domicilio habitual, o traballador terá un permiso retribuído segundo o convenio colectivo do sector, de:
- 1 día
  - 2 días
  - Non terá permiso retribuído
  - 2 días naturais no caso de estar fóra da provincia
24. Cal dos seguintes supostos ten cualificación de falta leve?
- Cinco faltas de puntualidade nun mes, sen motivo xustificado
  - A diminución voluntaria e ocasional no rendemento do traballo
  - A falta de aseo ou de limpeza persoal cando isto ocasione reclamacións ou queixas dos seus compañeiros ou xefes
  - Faltar un ou dous días ao traballo durante un mes se causa que o xustifique
25. A traballadora vítima de violencia de xénero terá os seguintes dereitos:
- Reducción da xornada de traballo con diminución proporcional do salario
  - Adaptación do horario
  - Aplicación do horario flexible
  - Todas as anteriores
- R1. Onde se atopa o Reitorado da Universidade?
- Pazo de Raxoi
  - Pazo de Bendaña
  - Pazo de Amarante
  - Colexio de San Xerome

R2. En que rúa se atopa a Tesourería Xeral da Seguridade Social-Administración núm. 5 de Santiago de Compostela?

- a. Rúa Carlos Briones Varela
- b. Rúa de San Pedro de Mezonzo
- c. Rúa da Acibechería
- d. Rúa de Manuel María

R3. Se a tarifa media dun día no aparcadoiro foi de 2,50 € e a recadación foi de 500,00 € no total do día, cantos vehículos estacionaron ese día no aparcadoiro?

- a. 200 vehículos
- b. 225 vehículos
- c. 180 vehículos
- d. 175 vehículos

R4. Non será función dos/as axentes de aparcadoiro:

- a. Verificar diariamente o control de caixa e a recadación
- b. Venda de produtos ou servizos da empresa
- c. Atención de todas as instalacións e o seu mantemento en perfecto estado de utilización para o público
- d. Control de accesos ao centro de traballo

R5. Non será función do/a encargado/a:

- a. Vixiar a aplicación das normas sobre seguranza e saúde laboral
- b. Confección o cadro de quendas de servizos do persoal
- c. Verificar diariamente o control de caixa e recadación
- d. A entrega, custodia e ingreso das recadacións e efectos de todo tipo

PLANTILLA RESPOSTAS\_EXAME TIPO TEST (16\_10\_17)

| Nº | RESPOSTA |   |   |   |
|----|----------|---|---|---|
|    | a        | b | c | d |
| 1  |          | X |   |   |
| 2  |          |   | X |   |
| 3  |          |   |   | X |
| 4  | X        |   |   |   |
| 5  |          | X |   |   |
| 6  |          |   |   | X |
| 7  | X        |   |   |   |
| 8  |          |   |   | X |
| 9  | X        |   |   |   |
| 10 | X        |   |   |   |
| 11 | X        |   |   |   |
| 12 | X        |   |   |   |
| 13 |          |   |   | X |
| 14 |          | X |   |   |
| 15 |          |   |   | X |
| 16 |          | X |   |   |
| 17 |          |   |   | X |
| 18 |          | X |   |   |
| 19 |          | X |   |   |
| 20 |          | X |   |   |
| 21 |          | X |   |   |
| 22 |          | X |   |   |
| 23 | X        |   |   |   |
| 24 |          |   | X |   |
| 25 |          |   |   | X |

| Nº | RESPOSTA |   |   |   |
|----|----------|---|---|---|
|    | a        | b | c | d |
| R1 |          |   |   | X |
| R2 | X        |   |   |   |
| R3 | X        |   |   |   |
| R4 | X        |   |   |   |
| R5 |          |   |   | X |